



PLAN DIXITAL

[IES Marco do Camballón]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. **Datos básicos do centro**
- 1.2. **Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro**
- 1.3. **Breve xustificación do mesmo**
- 1.4. **Proceso de elaboración**

2. Situación de partida

- 2.1. **Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais**
- 2.2. **Fontes empregadas para a análise DAFO**
- 2.3. **Análise DAFO**

3. Plan de Acción

- 3.1. **Obxectivos, indicadores e accións**
- 3.2. **Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas**

4. Avaliación do PD

- 4.1. **Seguimento do Plan de Acción**
- 4.2. **Propostas de mellora (revisión)**

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES Marco do Camballón, construído no ano 1998, é un centro educativo situado no Concello de Vila de Cruces, na provincia de Pontevedra.

A continuación, detállanse algúns datos básicos sobre o mesmo:

- Dirección: Rúa Camballón, número 24, Vila de Cruces, 36590, Pontevedra



- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmarcocamballon/>
- Profesorado: a distribución do profesorado do centro recóllese na seguinte táboa:

Destino definitivo	28
En prácticas	3
Comisión de servizos	1
Interinos/as	3
Substitutos/as	6
TOTAL	41

Etapas educativas e distribución de alumnado por etapas:

	Curso	Nº alumnado por etapa
Educación Secundaria Obrigatoria	1º ESO	37
	2º ESO	35
	3º ESO	38
	4º ESO	38
Bacharelato	1º BAC	16
	2º BAC	22
Formación Profesional	1º ciclo medio de soldadura e caldeiraría	14
	2º ciclo medio de soldadura e caldeiraría	12
	1º ciclo medio de atención a persoas en situación de dependencia	12
	2º ciclo medio de atención a persoas en situación de dependencia	11
	1º FPB servizos administrativos	4
	2º FPB servizos administrativos	6
TOTAL ALUMNADO		241

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O concello de Vila de Cruces ten un nivel socioeconómico entre medio e baixo (a renda dispoñible bruta por habitante en 2019 foi de 11.599€ segundo o IGE).

Segundo datos do INE para o ano 2021, a poboación total do concello é de 5.097 persoas.

O concello está a sufrir un forte despoboamento debido a factores como o desprazamento da xente nova a espazos urbanos para traballar e vivir ou o saldo vexetativo negativo.

Segundo datos do IGE, no ano 2020 no concello existían un total de 655 empresas, cabe sinalar que a maioría destas son microempresas cun baixo número de asalariados. Deste xeito, existen 591 empresas cun número de asalariados entre 0 e 2. Ao mesmo tempo, so existe unha empresa cuxo número de asalariados se atopa entre 100-249 traballadores.

Dentro do concello, o sector primario ten un forte peso, deste xeito os datos do IGE para 2020 sinalan a existencia dun total de 307 explotacións de gando bovino.

SOCIEDADE E POBOACIÓN

Poboación (Padrón)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte	Indicadores demográficos	Dato	Período	Fonte		
Poboación total	5.097	2.531	2.566	2021	INE	Taxa bruta de natalidade (o/oo)	5,34	2020	IGE		
de 0 a 15 anos	480	242	238	2021	INE	Taxa bruta de mortalidade (o/oo)	22,08	2020	IGE		
de 16 a 64 anos	2.888	1.512	1.376	2021	INE	Índice de envellecemento	296,81	2021	IGE		
de 65 e máis anos	1.729	777	952	2021	INE	Idade media á maternidade	33,79	2020	IGE		
Poboación estranxeira	133	61	72	2021	INE	Número medio de fillos por muller	1,07	2020	IGE		
Idade media	53,22	51,34	55,09	2021	IGE	Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)	1,84	2020	IGE		
Movemento natural da poboación	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte	Idade media ó primeiro matrimonio	Homes	Mulleres	Período	Fonte	
Nacementos	29	14	15	2020	IGE-INE		38,76	33,95	2020	IGE	
Defuncións	120	51	69	2020	IGE-INE						
Matrimonios	10			2020	IGE-INE	Alumnos matriculados no ensino non universitario en centros sostidos con fondos públicos	Dato	Período	Fonte		
Saldo vexetativo	-91			2020	IGE-INE	Educación infantil	89	2021	CCEOU		
Movementsos migratorios	Emigracións	Inmigracións	Período	Fonte		Educación primaria	163	2021	CCEOU		
Á mesma provincia	51	43	2020	INE		ESO	132	2021	CCEOU		
A outra provincia	43	42	2020	INE							
A outra comunidade	15	15	2020	INE		Afiliacións en alta laboral	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Estranxeiro	12	16	2020	INE							SS
Paro rexistrado (1)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte	Afiliacións en alta laboral por sectores	Dato	Período	Fonte		
Por idade						Agricultura e pesca				SS	
Total	205	88	118	2021	CT	Industria				SS	
menores de 25 anos	7	3	4	2021	CT	Construción				SS	
outras idades	198	85	113	2021	CT	Servizos				SS	
Por sectores de actividade											
Agricultura	15	12	3	2021	CT	Nº de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social	123	2020	CT		
Industria	32	19	14	2021	CT						
Construción	21	18	2	2021	CT						
Servizos	123	36	87	2021	CT	Nº de contratos iniciais rexistrados	959	2021	CT		
Sen emprego anterior	14	2	12	2021	CT						
Eleccións			Dato	Período	Fonte						
Censo electoral			4.578	2020	CP						

ECONOMÍA

Agricultura	Dato	Período	Fonte	Empresas (3)	Dato	Período	Fonte		
Número de explotacións de gando bovino	307	2020	IGE-CMR	Empresas por condición xurídica					
Total bovinos	6.097	2020	IGE-CMR	Total	655	2020			
Administración pública	Dato	Período	Fonte	Persoas físicas	496	2020			
Ingresos municipais	4.368.312	2020	MH	Sociedades anónimas	2	2020			
Impostos directos	1.147.123	2020	MH	Sociedades de responsabilidade limitada	122	2020			
Impostos indirectos	60.721	2020	MH	Cooperativas		2020			
Taxas e outros	320.862	2020	MH	Outras	35	2020			
Rendemento medio do IRPF	11.641	2019	AEAT	Empresas por actividade	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Período
Construción (2)	Dato	Período	Fonte		236	40	87	292	2020
Número de vivendas a crear de nova planta	0	2020	IGE-MF						
Variación neta do parque de vivendas	-2	2020	IGE-MF						
Número de edificios a crear de nova planta	0	2020	IGE-MF	Empresas por estrato de asalariados					
Parque de vehículos	Dato	Período	Fonte	De 0 a 2 asalariados	591	2020			
Total	5.137	2020	DGT	De 3 a 5 asalariados	41	2020			
Turismos	3.801	2020	DGT	De 6 a 9 asalariados	8	2020			
Vehículos turismo matriculados	40	2021	DGT	De 10 a 19 asalariados	10	2020			
Sistema de contas	Dato	Período	Fonte	De 20 a 49 asalariados	2	2020			
Renda dispoñible bruta por habitante	11.599	2019	IGE	De 50 a 99 asalariados	2	2020			
Produto interior bruto por habitante	16.566	2018	IGE	De 100 a 249 asalariados	1	2020			
				De 250 ou máis asalariados		2020			

IGE - Instituto Galego de Estatística

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo

Entre as prioridades de actuación sinaladas no Proxecto Educativo cabe sinalar “potenciar o uso das TIC entre profesorado e o alumnado”. O presente Plan dixital ven a contribuír a traballar nesta prioridade de actuación.

Dentro do centro existen distintos plans e proxectos que contribúen á mellora da competencia dixital docente:

- E-dixGal: o proxecto E-dixGal atópase implantado en tódalas etapas educativas da ESO
- Participación no proxecto E-twinning
- Programa Radio na biblio

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23

Dentro dos obxectivos establecidos na Programación Xeral Anual do curso 21/22 estableceuse:

- Reforzar a competencia dixital do alumnado
- Elaborar o Plan dixital do centro

Na Programación Xeral Anual do curso 22/23 preténdese dar continuidade a estes obxectivos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Segundo o establecido no artigo *III bis*, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de *Educación*, “as Administración educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe”.

A *disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022* así como a *disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*, establecen que “os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten”.

Na *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022* regúlase o procedemento de deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital e polo tanto, é a normativa de referencia para a elaboración do presente documento.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital creouse un grupo de traballo constituído polos seguintes membros do claustro:

- José Manuel Iglesias García
- Paula Martínez Busto (coordinadora do Plan Dixital)
- Miguel Pego Martínez

Este grupo de traballo inclúese como unha das liñas de actuación dentro do PFPP co nome de “análise da competencia dixital docente e elaboración do Plan Dixital”.

Ao mesmo tempo, no proceso de elaboración contouse cun equipo de asesores dixitais (equipo Adix), neste caso sendo o noso equipo de referencia o equipo Adix Lalín.

A continuación, detállanse brevemente as fases seguidas para a elaboración do presente Plan dixital:

- Primeiro trimestre
 - Constitución do grupo de traballo
 - Realización do test Selfie
 - Realización do Test de Competencia Dixital Docente (CDD)
- Segundo trimestre:
 - Elaboración do test DAFO a partir do Selfie e do test CDD
 - Redacción do plan de acción mediante o establecemento de obxectivos
- Terceiro trimestre:
 - Redacción do plan dixital

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura:

- Conexión: liña fibra óptica coas seguintes características:
 - Subida 220 Mb/s
 - Baixada 200 Mb/s
 - Latencia 42 ms
- Puntos conexión Cableada (Rj-25) 110
- Puntos acceso sen fíos 21

Equipamento:

- Aulas Dixitalizadas 7
- Aulas E-Dixgal 8 160 portátiles (148 alumnado e 12 Profesorado)
- Equipos Dirección 4
- Equipos Xestión Administrativa 3
- Biblioteca
 - Xestión 1
 - Uso alumnado 1 Servidor + 2 terminais
- Sala de Profesorado 1 Servidor + 5 Terminais
- Departamentos 12 portátiles
- Proxecto RED.es 13 portátiles

Servizos dixitais:

- Páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmarcocamballon/>
- Aula virtual: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmarcocamballon/aulavirtual/>
- E-DixGal: <https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php>
- Espazo Abalar
- Abalar móbil
- Dominio @iesmarcodocamballon.com

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a realización da análise DAFO partiuse da Autoavaliación SELFIE e do Test de Competencia Dixital Docente.

A continuación, na seguinte táboa recóllese a información do resumo das áreas do Informe SELFIE de cada etapa educativa:

Áreas	Grupos	Etapas		
		ESO	Bacharelato	FP
A -Liderado	Equipo Direct.	4	3,9	3,8
	Profesorado	3,8	4,1	3,7
	Alumnado	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4,2	4	3,9
	Profesorado	3,1	3,7	3,4
	Alumnado	3,5	3,6	3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,5	4,3	4,3
	Profesorado	4,2	4,2	3,9
	Alumnado	4,3	3,7	3,6
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,2	4,3	4,4
	Profesorado	3,9	4,1	3,8
	Alumnado	-	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,6	4,4	4,7
	Profesorado	4,5	4,3	4,3
	Alumnado	4	4,2	4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,9	4,2	4,5
	Profesorado	3,6	3,9	3,7
	Alumnado	3,7	3,4	3,6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4	3,8	4,5
	Profesorado	3,2	3,6	3,3
	Alumnado	3,4	3,3	3,5
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,1	4,1	4,3
	Profesorado	3,5	4	3,4
	Alumnado	3,7	3,9	3,7

En canto aos resultados extraídos do Test CDD, resáltanse algún dos datos máis significativos:

Participación segundo perfil do profesorado:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	24	28	85,7%
PROVISIONAL	4	4	100%
INTERINO	8	8	100%
SUBSTITUTO	3	3	100%
OUTROS	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
90,3	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	98,5	Experto (B2)	79,3	Integrador/a (B1)
BAC	94,4	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P	73,8	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2,5%
A2	8	20%
B1	18	45%
B2	6	15%
C1	6	15%
C2	1	2,5%
TOTAL	40	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> -Infraestrutura e equipos (o centro conta cunha boa dotación de equipos e espazos) -Dispositivos dixitais para o ensino (proxecto E-DixGal implantado en toda a ESO) -Espazos físicos que facilitan o ensino e aprendizaxe con TICs -Equipamento informático mercado polo propio centro 	<ul style="list-style-type: none"> -As incidencias relacionadas cos recursos dixitais resólvense ás veces con pouca celeridade (avarías informáticas, problemas coa aula virtual, EVA...) xa que en moitas ocasións, este traballo é asumido polo profesorado do centro ao que se sobrecargan tarefas -Parte dos equipos informáticos do centro teñen máis de 10 anos
	PERSONAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> -Empréganse contornos virtuais de aprendizaxe (aula virtual) -Nivel de competencia dixital media do profesorado (45% presenta un nivel B1) -Estabilidade do claustro 	<ul style="list-style-type: none"> -Falta de comunicación entre o profesorado (traballo cooperativo) -Falta de tempo para a elaboración de materiais para a aprendizaxe mixta -Diferenzas notables no nivel de competencia dixital do profesorado (un 32,5% de profesorado presenta un nivel superior a esta media e un 25% un nivel inferior) -Insuficiente experiencia no emprego de plataformas educativas e/ou outros recursos dixitais colaborativos
	PERSONAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> -Estabilidade do personal non docente 	<ul style="list-style-type: none"> - Descoñecemento das competencias dixitais do personal non docente
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> -Posibilidade de desenvolver habilidades dixitais para diferentes materias de forma temperá (E-DixGal) 	<ul style="list-style-type: none"> -Insuficiente verificación da calidade da información por parte do alumnado -Alumnado con competencia dixital insuficiente
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - Receptivas ás iniciativas promovidas polo centro 	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación coas familias a través da plataforma ABALAR (non se aproveitan tódalas ferramentas que ofrece esta plataforma)
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> - Implantación de E-DixGal en toda a ESO - Materias específicas que desenvolven a competencia dixital do alumnado (robótica, TIC I, TIC II e as materias de ofimática específicas da FP Básica de Servizos administrativos) -Implantación do programa Radio na biblio que permite traballar con software de edición de son e de vídeo 	<ul style="list-style-type: none"> - Non existen espazos de traballo dixital en algunha das materias
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da estratexia do profesorado (dende o centro promóvese formación do profesorado) - Colaboración con outros centros en proxectos 	<ul style="list-style-type: none"> - Non hai unha estratexia dixital explícita

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - Acadar unha certificación en competencia dixital -Dotación de dispositivos dixitais -Asistencia técnica -Plataformas dixitais (DIXIT e Aqueiro) 	<ul style="list-style-type: none"> - Conectividade da rede -Exceso de burocracia -A aula virtual resulta obsoleta respecto a outras plataformas que permiten o traballo colaborativo en rede ou o almacenamento na nube -Descoñecemento dos dereitos de autor
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Protocolo de protección de datos e identidade dixital - Lexislación do plan dixital 	<ul style="list-style-type: none"> - Excesiva abundancia de lexislación e protocolos
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> - Comunidade educativa reducida o que permite establecer relacións máis próximas 	<ul style="list-style-type: none"> - Contorna rural o que en moitas ocasións implica unha mala conexión á rede - Falta de formación sobre a aprendizaxe mixta (fenda dixital) dalgunhas familias -Acceso limitado das familias a unha conexión estable

	ANPA	- Posibilidades de establecer formación sobre o emprego da rede na adolescencia	- Baixa implicación da ANPA no eido dixital - Falta de información sobre os perigos da rede
	OUTRAS ENTIDADES	- Dixitalización das empresas coas que se colabora na FCT	- Non existe participación das empresas na estratexia dixital (caso específico da Formación Profesional) -Aproveitamento deficitario da dixitalización das empresas para a FCT

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Nas seguintes táboas recóllense os obxectivos do Plan Dixital. Cada obxectivo recóllese nunha táboa específica, indicando para cada un deles os indicadores de logro así como as accións específicas para conseguir cada obxectivo. Esta mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan Dixital.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Liderado (A)						
OBXECTIVO 1:	Potenciar o emprego de AbalarMóbil e AbalarPro para a comunicación coas familias				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de titores que realizan as comunicacións ás familias a través de AbalarPro e AbalarMóbil					
Valor de partida:	Non se emprega actualmente AbalarPro na comunicación titores-familia, so se emprega AbalarMóbil para a comunicación dirección familias					
Valor previsto e data:	Máis do 50% dos titores			Remate curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Poñer en coñecemento das familias a ferramenta AbalarPro e AbalarMóbil	Titores/as e equipo directivo	Reunión de inicio de curso coas familias	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Manter a comunicación coas familias a través das ferramentas AbalarPro e AbalarMóbil	Titores/as e equipo directivo	Remate do curso 22-23	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear un grupo de traballo de profesorado para coñecer as utilidades de AbalarPro e AbalarMóbil	Coordinador/a do plan dixital	Remate do curso 22-23	Convocatoria do PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía educativa						
OBXECTIVO 2:	Empregar os recursos dixitais ofertados pola Consellería: Catálogo DIXIT e plataforma Ageiro				Acadado	
Responsable:	Coordinador/a do plan dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de docentes que empregan polo menos nunha ocasión os recursos do Catálogo DIXIT ou a plataforma Ageiro					
Valor de partida:	Non se emprega o Catálogo DIXIT nin a plataforma Ageiro					
Valor previsto e data:	25% dos docentes			Remate curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Crear un grupo de traballo para o desenvolvemento do traballo colaborativo na plataforma Ageiro	Coordinador/a plan dixital	Remate do curso 22-23	Plataforma Ageiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Empregar algún dos recursos dispoñibles no catálogo DIXIT	Profesorado participante no grupo de traballo	Remate do curso 22-23	Catálogo DIXIT		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos (C)						
OBXECTIVO 3:	Renovar e actualizar os equipos informáticos cunha antigüidade superior aos 10 anos				Acadado	
Responsable:	Coordinador/a TIC do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de equipos informáticos cunha antigüidade superior aos 10 anos que foron actualizados					
Valor de partida:	Estase a inventariar o número de equipos informáticos e as súas características polo que non se dispoñen datos					
Valor previsto e data:	50% de equipos informáticos de máis de 10 anos			Remate curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Inventariar os equipos informáticos do centro	Coordinador/a TIC do centro	Remate curso 21-22	Folla de cálculo e equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Renovar e actualizar os equipos informáticos de máis de 10 anos	Coordinador/a TIC do centro	Remate curso 22-23	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realizar a petición de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	Equipo directivo	Remate curso 22-23	Instrucións para a solicitude ditadas por AMTEGA (ESO e BAC) e a Subsecretaría Xeral de FP (para FP)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 4:	Potenciar o uso da aula virtual, EdixGal e doutras plataformas que fomenten o traballo colaborativo				Acadado	
Responsable:	Coordinador/a do plan dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de profesorado que emprega a aula virtual do centro e outras plataformas de traballo colaborativo					
Valor de partida:	25% profesorado					
Valor previsto e data:	50% do profesorado			Remate do curso 22-23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Matricular ao profesorado e alumnado nas plataformas virtuais do centro	Xefatura de estudos	Outubro 2022	Aula virtual, EdixGal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Compartir co profesorado unha guía de funcionamento da aula virtual do centro	Xefatura de estudos	Outubro 2022	Guía de funcionamento da aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Empregar a aula virtual, EdixGal ou outras plataformas de traballo colaborativo	Profesorado	Remate curso 22-23	Aula virtual, EdixGal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento Profesional Continuo (D)						
OBXECTIVO 5:	Mellorar o desenvolvemento profesional continuo a través de distintas liñas de traballo no PFPP				Acadado	
Responsable:	Coordinador/a do PFPP				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de docentes que participan nalgũa das liñas do PFPP que contribúen á mellora da competencia dixital					
Valor de partida:	20% dos docentes					
Valor previsto e data:	40% dos docentes			Remate curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Solicitar, a través dun PFPP, formación específica para o coñecemento da plataforma Ageiro e do catálogo DIXIT	Xefatura estudos	Data da convocatoria do PFPP	Convocatoria do PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar, a través dun PFPP, formación específica para E-DixGal	Xefatura estudos	Data da convocatoria do PFPP	Convocatoria do PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Solicitar, a través dun PFPP, formación específica para a mellorar da competencia dixital docente	Xefatura estudos	Data da convocatoria do PFPP	Convocatoria do PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación detállanse as necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamentos e servizos dixitais educativos así como a finalidade para a que se precisan ditas melloras:

- Aulas dixitalizadas para os desdobres de Bacharelato
- Dotar as aulas de desdobres para a ESO co equipamento necesario para o desenvolvemento E-DixGal
- Dotar os departamentos de equipos informáticos e equipos ultraportátiles
- Renovar a aula informática de Bacharelato
- Dotar as aulas de informática do centro con proxectores en corto

4. Avaliación do plan

Tal e como se establece no apartado 3.1 a táboa de obxectivos servirá de referencia para facer o seguimento na fase de avaliación do Plan Dixital.

O procedemento de avaliación pode dividirse en dúas partes:

- Avaliación procesual: con carácter trimestral realizarase un seguimento da execución das accións propostas así como unha análise e valoración dos resultados acadados. De ser preciso, estableceranse as correspondentes modificacións das accións propostas e/ou propostas de mellora.
- Avaliación final: ao remate de cada curso académico realizarase a avaliación final do Plan Dixital na que se realizará a valoración do logro dos obxectivos e se fixarán propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital estará dispoñible para toda a comunidade educativa no taboleiro de novas do centro así como na páxina web <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmarcocamballon/>.

Tamén se enviará ao profesorado a través do correo corporativo.